

Expresar unha reacción persoal a propósito de textos creativos

Clubs de lectura para adultos

A escala insiste sobre a expresión do da reacción que a obra literaria produce no lector. As nocións clave concretizadas son as seguintes :

- ▶explicar aquilo do que gusta ou o que interesa nunha obra ;
- ▶describir presonaxes, dicir con quen se identifica ;
- ▶establecer relacións entre os aspectos da obra e a experiencia propia ;
- ▶ligar sensacións e emocións ;
- ▶ter unha intepretación persoal da obra no seu conxunto e de certos aspectos. A progresión de abaixo a arriba é a seguinte : nos niveis inferiores o lector pode dicir se gostou da obra, o que sentiu, falar de personaxes e sa súa propia experiencia, dunha maneira cada vez máis detallada a partir do nivel B1. No nivel B2 pode dar expliacións máis elaboradas, comentar a forma de expresión e o estilo e dar a interpretación do desenvolvemento da intriga, das personaxes, da historia,dunha novela, dun filme ou dunha peza de teatro. Nos niveis C pode facer interpretacións máis desenvolvidas e elaboradas, con detalles e exemplos.

C2 sen descriptor

C1 describir de forma detallada a interpretación persoal dunha obra, expor a súas reaccións a certos elementos e explicar os significados. Expor a interpretación propia sobre personaxes : estado psicolóxico ou emocional, razóns das súas accións e as súas consecuencias. Dar a súa interpretación persoal sobre o desenvolvemento da intriga, as personaxes e dos temas dun relato, novela, filme ou peza de teatro.

B2 Presentar claramente as súas reaccións en relación a unha obra, desenvolver a súas ideas e adornalas con exemplos e argumentos. Describir a emoción suscitada por unha obra e explicar porqué. Expresar de forma detallada as súas reaccións á forma de expresión, ao estilo ou ao contido duha obra e explicar o que se aprecia e porqué.

B1 Explicar certas partes e aspectos dunha obra que teña interesado de maneira particular. Explicar de forma detallada con qué personaxe se indetifica e porqué. Asociar feitos dun relato, dun filme ou dunha peza de teatro similares aos vividos ou dos que se sabe algo. Relacionar as emocións sentidas por unha personaxe e as emocións vividas polo lector. Describir as emocións sentidas en certos momentos da

lectura. Explicar brevemente as opinións suscitadas por unha obra. Descibir a personalidade dunha personaxe.

A2 Expresar as reaccións en relación á obra e comentar simplemente as súas impresións e ideas. Descibir o que sente uha personaxe e explicar as razóns. Indicar de maneira simple qué aspectos dunha obra interesan particularmente. Dicir aquilo do que se gostou e do que non dunha obra de forma simple. Explicar de forma simple o tema dunha obra e os sentimentos que provoca. Seleccionar extractos simples dos que se gostou particularmente e citalos.

A1 Utilizar palabras e expresións simples para decir o que nos fixo sentir unha obra.